



Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se autoriza a difusión da campaña de vixilancia periódica da saúde para o persoal docente e non docente, destinado en centros docentes públicos non universitarios, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

De acordo co disposto no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, modificada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, o empresario garantiralles ao persoal traballador ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo.

O Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establece no artigo 7.2.3 que o Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, realizará as funcións que sinala o artigo 31.3º da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, modificado pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, en relación co persoal da Xunta de Galicia que presta servizos nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Entre as que se atopa a vixilancia da saúde do dito persoal, que en todo caso, deberá contar co seu consentimento e respectando o seu dereito á intimidade e á dignidade.

Con base no dito con anterioridade, difúndese esta convocatoria de campaña da vixilancia periódica da saúde no ámbito educativo para o persoal docente e non docente, destinado en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante a súa publicidade na páxina web oficial desta Consellería e o envío das instrucións respectivas aos ditos centros, e de acordo coas seguintes premisas:

Primeira. Obxecto

Prestación da vixilancia da saúde ao persoal docente e non docente destinado en centros docentes públicos non universitarios, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en función dos riscos inherentes ao traballo, segundo o disposto no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Segunda. Ámbito de aplicación

É aplicable ao persoal docente e non docente (funcionario e laboral) en activo, que presta servizos nos centros docentes públicos non universitarios, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.





Terceira. Inscripción

A inscrición ten carácter voluntario, polo que se realizará previa solicitude dos interesados conforme as instrucións deste procedemento enviadas aos distintos centros de traballo. As/os responsables dos distintos centros de traballo facilitarán a axuda e a información necesaria para a inscrición do seu persoal traballador.

A dita inscrición realizarase de forma telemática no formulario de petición de recoñecemento médico que está dispoñible na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no seguinte enlace: <https://revisionmedicaeducacion.xunta.gal>

A solicitude de inscrición debe incluír todos os datos que figuren no formulario. A falta dalgún deles impedirá a súa tramitación.

Finalizado o procedemento de solicitude de recoñecemento médico e realizada correctamente a inscrición, xerárase un xustificante de consentimento que se deberá presentar o día seleccionado para realizar a analítica.

O prazo xeral de inscrición será **de vinte (20) días naturais a partir do día seguinte ao da difusión desta campaña** na páxina web oficial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (www.edu.xunta.gal).

Cuarta. Citacións

A cita da analítica poderase modificar do mesmo xeito que o solicitou, unha soa vez, consonte ás instrucións do procedemento de solicitude dos recoñecementos médicos, e sempre que se faga antes dos cinco días naturais previos á data da cita primeiramente escollida.

A anulación da dita cita implica a renuncia ao dereito a realizar o recoñecemento médico nesta campaña.

A falta de asistencia á cita implicará, agás causa de forza maior debidamente xustificada ante o Servizo de Prevención de Riscos Laborais, dentro do prazo de 5 días naturais posteriores á data escollida para a analítica, que o/a traballador/a renuncia ao recoñecemento médico de forma voluntaria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria
P.D. (Orde do 25/01/2012)
O secretario xeral técnico

Jesús Oitavén Barcala

